

# CESURAS

De parte do Señor Alcaide e demáis Membros do Consello, compracémonos en envidalos pras Festas deste pobo que terán lugar os

**días 12 e 13 de outono**



Falando do xogo do balón, haberá un encontro que gurrarán os de **CURTIS** **escontra** o **HURACAN** o día 12 pra conquistar a **COPA DE PRATA "IBERIA"**.

O Lús haberá unha "Jimkana" de burros, atopándose anotados pra mesma os millores cabaleiros e xumentos da rexión, sendo condizón pra levar premio, que o burro ou burra non ornee mentras teña duranza a proba. Dous días antes da mesma, quedarán recollidos os burros no Balneario do Pousadoiro pra recibir a mantención e fregas correspondentes por meio do sonado albeite Caxelas.

Tocante as músicas, a do día 12, será a **BELLAS FARTO** e a do día 13, **OS NAVEGANTES**, e **OS XANEIROS** encherán os foles das gaitas os dous días.

Agardamos lograr do voso reito facer festexeiro a gracia de que nos veñades facer compañía, pol-o que vos quedaremos moi estimados

*Se te téis por bebedor  
daquela xa sabes que no*  
**BAR CARLOS, de Betanzos**  
*se atopa o viño millor.*

**JOYERIA RICO**

BETANZOS

Relós e xoyas pra campar  
e despertadores pra madrugar.